



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 4	Código	613G01019	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Inglesa			
Coordinación	Nuñez Ponte, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es	
Profesorado	Nuñez Ponte, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es	
Web	www.udc.es			
Descrición xeral	Esta materia amplía a formación básica na descrición da lingua inglesa e a teoría e práctica do inglés. O obxectivo xeral é chegar ao nivel C1 de CEF.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Competencia lectora: comprender unha variedade de textos auténticos procedentes da prensa, obras de ficción, documentos, materiais de promoción ou de publicidade.	A1 A2 A6 A8 A11 A15	B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10	C2 C3 C4 C5 C6 C7
Escritura: saber redactar un artigo, un ensaio, textos informativos, propostas, queixas, informes e recensións.	A4 A6 A9 A10 A11 A12	B1 B5 B6 B10	C1 C2 C3 C7 C8
Comprensión auditiva: comprender distintos tipos de discurso auténtico; monólogos, avisos, programas de radio e televisión, relatorios, anécdotas, interaccións entre varios falantes á vez, entrevistas, debates	A2 A6 A10 A11	B8 B9 B10	C2 C3 C5 C7
Competencias orais: saber desenvolverse oralmente con falantes nativos e non nativos; proporcionar información, expresar e xustificar opinións, realizar comentarios axeitados, expresar acordo e desacordo, comparar, describir e especular. En resumo, os alumnos deben ser capaces de levar a cabo a comunicación eficaz, e de responder plenamente aos estímulos orais.	A5 A6 A15 A21 A22 A23	B4 B5 B6 B8 B10	C2 C4 C5 C7 C8



Lingua e uso: posuír un vocabulario xeral amplo; coñecer frases e colocacións comúns, matices, verbos con partícula, modos de enlazar oracións; realizar transformacións gramaticais con soltura	A6	B4	C2
	A8	B5	C4
	A22	B7	C5
	A23	B8	C6
		B10	C7
		C8	

Contidos	
Temas	Subtemas
-ESCRIBIR: Como escribir tanto un ensaio argumentativo coma un ensaio de investigación en estilo MLA	Que é o estilo de escritura MLA? Estilo e rexistro; linguaxe formal e informal; connotación e denotación; post-estruturalismo e oposición binaria; puntuación; parágrafo; conectores; o ensaio (e.g. o argumentativo e o de investigación); título; introdución; (hipó)tesis vs. tema; corpo; conclusión; fontes de información (web e imprimidas); lista de obras citadas; as citas no corpo do texto; plaxio; notas ao pé e ao final
-LER: Como facer exercicios de comprensión lectora	Que é o pensamento crítico? Diferentes niveis de comprensión dun texto; gramática; vocabulario; estrutura; figuras retóricas; historia e trama; temas; caracterización; inferencia; dedución; análise; alcance e repercusión; significado e interpretación; conclusións; etc.
-FALAR: Como falar en público; como facer unha presentación oral; como participar nun debate; como comportarse nunha entrevista de traballo	Tipos de discursos; consellos para loitar contra o medo escénico; uso de pausas, entoación e ritmo na oralidade; linguaxe corporal; cohesión e coherencia; convencer e persuadir; etc. Os debates de clase estarán relacionados con temas relevantes tales como: arte, capitalismo, discriminación, educación, emigración, medios de comunicación e sexualidade entre outros.
-GRAMÁTICA E VOCABULARIO: Repaso e consolidación de formación e uso de palabras, como tamén de estruturas gramaticais importantes.	Linguaxe formal e académica, formación de palabras, oracións condicionais, verbos modais, verbos con partículas, concordancia substantivo-verbo, artigo the, etc.
-ESCOITAR: Gravacións audiovisuais en torno á gramática e as entrevistas de traballo	Os exercicios auditivos estarán relacionados coa gramática vista en clase. Os/ás estudantes tamén traballaredes con entrevistas de traballo e practicaredes para a proba audio-oral.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A5 A6 A10 A11 A15 A21 A22 A23 B1 C7 C8	25	25	50
Seminario	A8 A12 B4 B7	12	5	17
Traballos tutelados	A9 B6 B9 C2 C3 C6	4	8	12
Presentación oral	B10 C1	0.5	12	12.5
Obradoiro	B5 B8 C4	23	23	46
Proba de resposta breve	A9 A10 C2	1	3	4
Proba mixta	A1 A2 B3 C5	2.5	4	6.5
Atención personalizada		2	0	2



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Esta sesión completárase con discusións dirixidas.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema ou dunha lectura. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais).
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado expón traballos.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas prácticas.
Proba de resposta breve	Proba obxectiva dirixida a provocar o recordo dunha aprendizaxe presentada. Preséntase un enunciado en forma de pregunta para responder cunha frase específica, palabra, cifra ou símbolo.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Estamos a disposición dos/as estudantes nos nosos despachos nas horas de titoría, como tamén a través do teléfono e o correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A4 A5 A6 A10 A11 A15 A21 A22 A23 B1 C7 C8	(GRUPOS GRANDES con coordinadora): As clases consistirán en leccións teóricas e práctica tanto oral coma escrita. Antes de vir a clase, os/as estudantes terán que ler NOTICIAS ou ver VÍDEOS que colgaremos en Moodle. Unha vez alí, DEBATERÁN sobre estas noticias/vídeos, organizaranse en grupos e ESCRIBIRÁN un ensaio argumentativo derivado do debate. Os devanditos ensaios serán corrixis pola profesora e devoltos aos seus autores/as ao longo do curso. Completaremos a práctica da gramática, o vocabulario e a escritura académica con algún XOGO. Os/as alumnos/as que fagan unha presentación individual voluntaria terán a posibilidade de recibir unha puntuación EXTRA sobre a nota final (ver observacións).	0



Obradoiro	B5 B8 C4	<p>(GRUPOS MEDIANOS E PEQUENOS con lector/a): En parte dos grupos medianos e en todos os talleres, practicaredes as vosas habilidades para falar, escoitar e traballar coa gramática. Prestarase especial atención a cómo realizar un CV e unha entrevistas de traballo. En ocasións, teredes que facer tarefas baseadas en material que estará en MOODLE.</p> <p>Aqueles/as estudantes que amosen unha participación realmente extraordinaria nas aulas serán eximidos/as de realizar a exame audio-oral.</p>	0
Traballos tutelados	A9 B6 B9 C2 C3 C6	<p>Teredes que facer un traballo para o/a LECTOR/A que consta de dúas partes:</p> <p>(1) unha carta de motivación (2) un CV profesional</p> <p>O/a lector/a explicará as pautas necesarias para facer o traballo en clase, en Moodle e nas titorías do despacho.</p>	20
Proba de resposta breve	A9 A10 C2	<p>Cara ao final do cuadrimestre, faredes un exercicio na clase da coordinadora. O exercicio avaliará a continuidade con que adquiristes os coñecementos teóricos e se sodes capaces de aplicarlos á práctica.</p>	20
Presentación oral	B10 C1	<p>A presentación consiste en facer un VÍDEO-PROXECTO entre 5 e 10 persoas cuxo contido sexa un ANUNCIO ou PROGRAMA para VENDER un PRODUTO ou MÉTODO. Mentres falan, os/as estudantes teredes prohibido ler de calquera tipo de notas. Teredes que preparar o GUIÓN, gravar o VÍDEO e colgalo; o resto das pautas serán explicadas pola coordinadora.</p> <p>Naturalmente, ínstase o alumnado a que use as titorías ao longo do cuadrimestre para consultar as súas dúbidas sobre este proxecto.</p>	10
Proba mixta	A1 A2 B3 C5	<p>As partes do exame organizaranse como segue:</p> <p>-EXAME DE LECTURA con coordinadora (15%): Esta parte consiste nunha proba de comprensión lectora das LECTURAS OBRIGATORIAS LONGAS, que estarán en MOODLE, e que son distintas dos textos breves tratados nos seminarios. As devanditas LECTURAS LONGAS serán explicadas na sesión de grupo grande o penúltimo día de clase.</p> <p>-EXAME DE ESCRITURA con coordinadora (20%): Teredes que escribir un ensaio argumentativo sobre un tema relevante fixado pola profesora que non foi debatido na clase; este ensaio poñerá a proba as vosas habilidades tanto coa gramática e o vocabulario coma coa escritura tipo MLA. Así pois, debe ter: título, introdución (hipó)tesis, corpo e conclusión.</p> <p>-EXAME AUDIO-ORAL con lector/a (15%): Entrevista de traballo (en rexistro formal) seguindo as directrices explicadas e practicadas en clase, como tamén os modelos e consellos publicados en Moodle.</p>	50



Seminario	A8 A12 B4 B7	(GRUPOS MEDIANOS con coordinadora): dedicaremos parte destes grupos de exercer a comprensión da lectura de textos curtos que serán colgados en Moodle. Os/as estudantes deben ler estes textos de antelación, e tamén preparar exercicios Moodle, que serán corrixidos na clase e verificados pola profesora ao longo do curso . Os/as alumnos/as que fagan un traballo individual voluntario poderán ter unha puntuación EXTRA sobre a nota global (ver observacións).	0
Outros			

Observacións avaliación

- Para poder superar a materia, hai que sacar polo menos un 5 (sobre 10) no TRABALLO TUTELADO, a PROBA DE RESPOSTA BREVE e os EXAMES e polo menos un 5 (sobre 10) na NOTA FINAL.
- Os traballos deben entregarse en tempo e forma. Só aceptaranse entregas con atraso única e exclusivamente se hai unha causa debidamente xustificada (p. ex. cun xustificante médico).
- Os traballos que mostren signos de plaxio serán cualificados cun 0.
- O traballo voluntario dos/as alumnos/as cualificarase engadindo unha porcentaxe EXTRA sobre a nota final como segue: I) PRESENTACIÓN ORAL INDIVIDUAL: farase en clase da coordinadora nun evento chamado Talent Show--os detalles serán explicados en clase (+0.5). II) ENSAIO DE INVESTIGACIÓN INDIVIDUAL sobre unha (ou dous) das LECTURAS LONGAS (+0.5); o alumnado interesado nesta tarefa terá que dicirmo ao comezo do curso; fixarei TRES ENTREVISTAS convosco no meu despacho ao longo do cuadrimestre para discutir sobre o desenvolvemento do voso traballo. Os ensaios que non fosen supervisados por min desta forma non serán aceptados. Obviamente, devandita porcentaxe extra engadirase á nota final a condición de que esta sexa igual ou superior a 5.
- En caso de folga de profesores/ás en días de clase, se fose necesario, os/as docentes dotarán aos/ás estudantes de material didáctico a través de Moodle. En caso de folga de alumnos/as, os/as docentes poderían pedirlos aos/ás estudantes a entrega de exercicios con que substituír o traballo dese/vos día/s.
- Xa sexa na primeira ou a segunda oportunidade, os/as estudantes que non vingan ao exame serán cualificados/ás como Non presentados/ás.
- Para a oportunidade de XULLO, haberá 1 traballo tutelado, 1 proba de resposta breve e 3 probas de exame obrigatorias ao igual que en xuño. Ao non haber clases, a presentación oral / ou vídeo-proxecto opcional poderá ser individual.
- Os/As estudantes que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA Collins COBUILD Advanced Dictionary of English. London: Collins ELT, 2012. Print. Collins COBUILD Students? Dictionary plus Grammar (Book & CD). London: Collins ELT, 2005. Print. Cunningham, Gillie, Jan Bell, and Theresa Clementson. Face2face Advanced. Student?s Book and DVD Rom. Cambridge: CUP, 2013. Print. Downes, Colm. Cambridge English for Job Hunting. Cambridge: CUP, 2008. Print. Hewings, Martin. Advanced Grammar in Use: a Self-study Reference and Practice Book for Advanced Learners of English; with Answers and CD-ROM. Cambridge: CUP, 2013. Print. ---. Cambridge Grammar for CAE and Proficiency with Answers and Audio CDs. Cambridge: CUP, 2009. Print. Hopkins, Diana, and Pauline Cullens. Cambridge Grammar for IELTS with Answers: a Self-study Grammar Reference and Practice. Cambridge: CUP, 2007. Print. OED. Oxford English Dictionary. OUP. Web. 1 July 2014. The Purdue OWL Family of Sites. The Writing Lab and OWL at Purdue and Purdue U, 2008. Web. 1 July 2014. Swan, Michael. Practical English Usage. Oxford: OUP, 1996. Print. Vince, Michael. Advanced Language Practice: English Grammar and Vocabulary. Oxford: Macmillan, 2009. Print.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías